

## Bolsa atravesada por lápices.

Serás capaz de pinchar unha bolsa chea de auga con uns lápices sen que caia unha gota de auga???



Necesitamos unha bolsa de conxelar con peche de zip, enchémola de auga, deixando algo de espazo para agarrala e pechamos ben. Logo collemos uns lápices de cores ben afiados e redondos. Imos metendo lápiz a lápiz, primeiro por un lado da bolsa, atravesando a auga e seguir empurrando ata que saia polo outro lado da bolsa.

Sempre de xeito suave. Así con varios lápices ata que xa non teñas espazo. A que non cae a auga? Cómo pode ser eso?.

Parece ser que os componentes da bolsa en vez de romperse, sepáranse e péganse aos lápices, facendo como un sellado.

Proba a ver ti, se eres capaz!!!!